

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015007	CEIP Plurilingüe de Cedeira	Redondela	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación en valores cívicos e éticos	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Educación en valores cívicos e éticos de 6º curso de educación primaria, ten como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da área de Educación en valores cívicos e éticos á realidade deste centro e a do alumnado de 6º curso.

A área de Educación en valores cívicos e éticos, na etapa de educación primaria, comprende o desenvolvemento de catro obxectivos fundamentais:

1. O autoconecemento e o desenvolvemento da autonomía persoal.
2. A comprensión do marco social de convivencia e o compromiso cos principios, normas e valores democráticos que o rexen.
3. A adopción de actitudes compatibles coa sostibilidade da contorna.
4. A educación das emocións, o desenvolvemento da sensibilidade e a actitude afectiva adecuada con respecto aos valores e problemas éticos, cívicos e ecosociais do mundo nos tempos actuais.

Nesta área, axúdase a garantir o dereito universal dos nenos e nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolver ao máximo as súas posibilidades, formarse no respecto aos dereitos humanos e liberdades fundamentais, e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e manter unha actitude tolerante ante as dificultades. Ao mesmo tempo, promoverase a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e crítica implicándose na mellora da cohesión, defensa e desenvolvemento da sociedade democrática.

Os criterios de avaliación e contidos distribúense en tres bloques,

- Autoconecemento e autonomía moral
- Sociedade, xustiza e democracia
- Desenvolvemento sostible e ética ambiental.

Nos tres bloques preténdese facer un percorrido dende a propia persoa e a súa autonomía, para seguidamente analizar o papel que cumpre na sociedade e a súa responsabilidade para cos demais, e para rematar, a responsabilidade ética e moral que temos de cara o mundo, ao demais seres vivos e ao noso planeta.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 6º de primaria (11 ou 12 anos), o alumnado está a piques de entrar na fase das operacións abstractas e deixar atrás a fase das operacións concretas (Piaget). Todo isto, significa que xa poden razoar sen ter presente obxectos físicos. Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados 117 alumnas e alumnos e que conta con unha unidade para cada nivel de primaria. No 6º curso, o grupo conta con 14 alumnas e alumnos.

O colexio participa no programa EDIXGAL, e por tanto, o alumnado conta cos equipos e ferramentas dixitais necesarias para iniciarse no aprendizaxe en contornas virtuais. Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é unha sala de Polos Creativos e unha biblioteca incluída no programa PLAMBE.

Asimesmo, somos centro plurilingüe no que se imparte a área de Educación Plástica en inglés e contamos con unha auxiliar de conversa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a autonomía moral.	1-3			4	4-5	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3 - Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.	2-5		1-5		2	3-4	1	
OBX4 - Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen son eu?	Nesta unidade didáctica traballaranse os seguintes aspectos: a definición de persoa, e a construción dun autoconceito axeitado de nós mesmas/os.	16	5	X		
2	Como debo actuar?	Nesta unidade didáctica traballaranse os seguintes aspectos: que nos move a actuar, como facelo de xeito responsable e autónomo, e as normas que guían as nosas accións.	17	6	X		
3	Eu como ser humano, social e democrático	Nesta unidade didáctica, traballaranse os fundamentos da vida en sociedade: familia, amor e convivencia democrática con xustiza e paz.	17	6		X	
4	Todas as persoas somos iguais	Nesta unidade didáctica traballarase a corresponsabilidade entre todas as persoas sen exclusión de xénero, identidade, crenzas, etnia ou procedencia, e o respecto á diversidade.	17	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Todos os seres vivos merecemos respecto	Nesta unidade traballaranse os seguintes aspectos: o respecto pola biodiversidade, animal e vexetal.	16	6			X
6	E eu, como podo axudar ao planeta?	Nesta unidade traballarase a ecodependencia, os valores e hábitos a desenvolver para coidar e habitar nun planeta xusto e sustentable.	17	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen son eu?	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	Definir de de xeito diferenciando os conceptos de identidade, diferenza e dignidade.	TI	100
CA1.2 - Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	Expresar oralmente emocións, afectos e desexos.		
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	Resolver un dilema moral sinxelo, de xeito argumentado e respectuoso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza dos seres humanos: - A igualdade en dignidade de todos os seres humanos. - As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepeticibilidade dos individuos. - As características que definen a persoa: - Ser natural, ser vivo, ser animal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir. - Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón. - A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano. - A educación das emocións e dos sentimentos: - A autoestima persoal. - O autocontrol. A xestión dos sentimentos. - A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	Como debo actuar?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Participar nos debates na aula adoptando unha actitude respectuosa e dialogante.	TI	100
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Intervir oralmente nas clases, e recoller ideas e apreciacións do resto de compañeiros e compañeras da aula, valorándoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións: - A autonomía da vontade. - A responsabilidade sobre as accións propias. - O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros. - A ética como guía das accións:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas e xuízos morais. Os valores e o valioso. - A polaridade dos valores: virtudes e defectos. - O pensamento crítico e ético en acción: - Os perigos para a autonomía e o proxecto persoal. Os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade e o consumismo. As condutas adictivas. - O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinação e exclusión. - Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos. - O debate sobre os límites da liberdade de expresión.

UD	Título da UD	Duración
3	Eu como ser humano, social e democrático	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de lei, ética, civismo, democracia, xustiza e paz.	Investigar e elaborar unha redacción acerca do que significa ser un ser social por natureza, empregando alo menos dous dos conceptos propostos.	TI	100
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Explicar por escrito, de xeito sinxelo, algúns os dereitos humanos fundamentais.		
CA2.3 - Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	Comprender os fenómenos migratorios e algunha das causas que os provocan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como ser social por natureza: - Fundamentos da vida en sociedade. A familia. A amizade e o amor. A empatía cos demais. - A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A democracia como mellor modo de convivencia: - Principios e valores constitucionais e democráticos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia. - O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos. - O problema da consecución da xustiza na democracia. - A cultura da paz e da non violencia: - O papel do Estado na consecución da paz, da seguridade e da cooperación internacional e o papel das ONG e ONGD. - O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns.

UD	Título da UD	Duración
4	Todas as persoas somos iguais	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Identificar comportamentos non respectuosos coa diversidade, en xeral e na súa contorna, e propor solucións para cada un deles.		
CA2.5 - Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.	Identificar e describir as principais institucións e organizacións de cooperación local, nacional, e internacional.	TI	100
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de debater é capaz de expresarse con respecto, argumentando de xeito crítico sobre cuestións éticas e cívicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia: - A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista. - O respecto da diversidade cultural e das tradicións: - A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural. - O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero. A prevención da LGTBIQ+-fobia.

UD	Título da UD	Duración
5	Todos os seres vivos merecemos respecto	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Identificar e describir condutas incívicas a partir dos dereitos humanos e principios constitucionais fundamentais.	TI	100
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sustentable, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	Identificar propostas ou alternativas posibles para frear o cambio climático a partir das accións individuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza humana e natureza animal: - Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos. - Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade. - A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe: - As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono.

UD	Título da UD	Duración
6	E eu, como podo axudar ao planeta?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sustentable do solo, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sustentable e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Argumentar sobre a necesaria protección e coidado dos animais e demais seres do planeta.	TI	100
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Expresar opinións de xeito crítico e incorporar nas súas intervencións aportacións de compañeiras e compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable: - O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal. - O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos. - Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sustentable: - O papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna. - O uso sustentable da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos. - A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade. - A actitude responsable respecto do coidado dos animais, da valoración da auga, do aire, do solo e dos bosques e da protección do planeta.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Dada a natureza da área, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características do alumnado serán tidas en conta para axustar a programación coa finalidade de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado a partir da realización de tarefas, dilemas morais e/ou situacións-problema.

Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
 - Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais das/os alumnas/os.
 - Actividade : A/o alumna/o buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
 - Motivación : Utilizaranse contextos cotiáns e cercanos para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo

así o seu interese.

- Afectividade : Procurarase un clima escolar adecuado que proporcione a nenas e nenos benestar, seguridade e confianza.

As estratexias metodolóxicas que se levarán a cabo serán as seguintes:

- Propoñer diferentes situacións de aprendizaxe que permitan ao alumnado desenvolver distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, recoñecer, localizar, resolver etc.
 - Potenciar no alumnado a autonomía, a creatividade, a reflexión e o espírito crítico
 - Empregar distintas fontes de información, diversificar materiais e recursos didácticos
 - Potenciar o traballo colaborativo a través de pequenos e/ou grandes grupos.

A atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe será o eixe vertebrador do proceso de ensino-aprendizaxe.

É preciso que o profesorado adopte as medidas metodolóxicas necesarias para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en diferentes contextos dentro e fóra da aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de reflexión
Libro de texto
Materias de elaboración propia postos a disposición do alumnado na aula virtual
Recursos audiovisuais
Prensa e outras publicacións, en formatos papel e/ou dixital

Empregarase unha variedade significativa de materiais e recursos didácticos para ofrecer ao alumnado un amplo abano de posibilidades adaptadas á especificidade de cada alumna ou alumno, e das diferentes unidades. Procurarase, na medida do posible, o emprego de materiais e recursos públicos e gratuitos, e, no caso de aplicacións e recursos dixitais, que cumpran os criterios de gratuidade, acceso libre e seguridade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial do alumnado na área de Educación en valores cívicos e éticos seguirá dúas liñas:

- A revisión dos informes individualizados e/ou historiais académicos, especialmente para o caso do alumnado que non se coñeza xa de cursos anteriores.
- A realización de probas específicas co fin de coñecer o nivel competencial do alumnado, así como os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes específicas relacionados coa área de educación en valores cívicos e éticos. Procurarase o emprego de diferentes instrumentos de avaliacións: probas de comprensión a partir de recursos dixitais, interpretación de diferentes fontes e documentos adaptados etc.

As probas específicas levaranse a cabo nas dúas primeiras semanas de curso, e terán o obxectivo de adecuar a programación didáctica ás necesidades reais do grupo en xeral e de cada alumna ou alumno en particular. Neste eido cómpre ter en conta o distinto perfil do alumnado:

- Alumnado do centro, coñecido ao terlle impartido docencia o curso anterior
- Alumnado de nova incorporación, con informes individualizados
- Alumnado de nova incorporación sen informes individualizados por proceder do estranxeiro

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de necesidades específicas individuais e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	16	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da área, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, exclusivamente táboas de indicadores. Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo e escalas de observación. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Taboas de indicadores: 100%

UNIDADE 2: Taboas de indicadores: 100%

UNIDADE 3: Taboas de indicadores: 100%

UNIDADE 4: Taboas de indicadores: 100%

UNIDADE 5: Taboas de indicadores: 100%

UNIDADE 6: Taboas de indicadores: 100%

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Media aritmética das tres avaliacións.

O resultado dos cálculos redondearase cara a nota seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe.

Se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado como medida ordinaria de atención á diversidade. A alumna ou alumno deberá realizar unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e, ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011)

Na avaliación inicial, e en coordinación co equipo docente e o departamento de Orientación, desenvolveranse as seguintes medidas no caso de ser precisas:

Medidas ordinarias

Están destinadas a facilitar a adecuación do currículo sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación. Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1. Como medida de detección de necesidades específicas, propoñemos unha avaliación frecuente que comece a efectuarse, como é preceptivo, no mesmo inicio do curso.
2. Propoñemos unha organización do curso no que o alumnado con mellor adaptación axude e colabore co que menos adaptación presente ás diferentes áreas. Deste xeito, o alumnado convírtese en protagonista do proceso de atención á diversidade.
3. Como medida de atención ao alumnado que manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madurez intelectual, con respecto ao nivel medio do grupo, propoñemos unha atención paralela que permita proporcionarlles actividades motivadoras que supoñan un maior desafío na busca de información e establezan novos horizontes temáticos e novas conexións entre os contidos, co obxectivo adicional de fomentar a colaboración coas tarefas docentes en beneficio do resto do alumnado.
4. Como medida de atención alumnado que manifeste dificultades con respecto ao nivel medio do grupo serán, así mesmo, atendidos individualmente segundo as necesidades específicas: material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos, adaptación de actividades, etc.
5. Como medida de atención ao alumnado que se incorpore ao curso unha vez comezado, analizaremos cada situación individual en base aos informes persoais por traslado e ás recomendacións do do Departamento de Orientación. En función deses informes propoñemos unha avaliación individualizada, a través dunha entrevista persoal, para determinar o grao de competencia na área. Deseguido, o docente informará ao alumnado implicado, a partir da programación oficial, de todos os aspectos da área que sexan relevantes. Despois de todo isto, o alumnado implicado pasará a atenderse segundo as medidas que detallamos no punto anterior, o 4 (ou 3 se fose o caso).

Medidas extraordinarias

Están destinadas a atender as necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do currículo ou da organización do proceso educativo.

Serán aplicadas cando as medidas ordinarias de atención á diversidade sexan insuficientes. Aplicaranse en casos nos que as barreiras para conseguir os obxectivos da aprendizaxe sexan extraordinarias, casos que oficialmente se protocolarizan como NEE (necesidades educativas especiais) e/ou NEAE (necesidades específicas de apoio educativo). Nestes casos, o docente coordinarase co profesorado titor, coa coordinación de ciclo e co departamento de Orientación, para planificar e desenvolver as actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Durante o proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporanse medidas de reforzo individualizadas para alumnado implicado. A parte da atención especial durante o proceso de ensino, para o alumnado NEE ou NEAE serán deseñadas probas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas.

Plan de traballo específico co alumnado repetidor

Este plan está centrado especificamente no tratamento didáctico de dificultades para aquel alumnado que se vira na obriga de repetir curso, a través de cinco obxectivos complementarios:

1. Reflexionar sobre os aspectos motivacionais que ocasionaron a repetición para corrixilos de cara ao aproveitamento das ensinanzas do ciclo e da etapa.
2. Conseguir unha mellora do desenvolvemento das capacidades e competencias básicas.
3. Facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo diario, tanto na aula como fóra dela.
4. Aumentar as expectativas académicas e crear unha actitude positivas de superación.
5. E finalmente, mellorar os resultados académicos.

O seguimento do plan apoiarase nas seguintes instancias:

- Nas reunións periódicas dos Equipos Docentes.

- No Departamento de Orientación.

Ao finalizar o curso farase unha revisión do plan, e a avaliación e as propostas de mellora serán consignadas na memoria final.

Informarase deste plan ao alumnado implicado e ás súas familias ao comezo do curso escolar. A/o docente implicado, realizará ao longo do curso escolar un seguimento da evolución do alumnado repetidor e informará periodicamente del ás familias.

Atención educativa virtual

O alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente por causas xustificadas, será atendido a través da aula virtual ou daquelas outras ferramentas que poideran proporcionar as autoridades educativas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectura, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde e afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Todos os elementos transversais trabállanse ao longo das diferentes unidades da área de Educación en valores cívicos e éticos, ao coincidir cos obxectivos específicos da propia área.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mural colaborativo contra a violencia machista	Levarase a cabo a realización dun mural no centro (muro exterior)no que se represente o rexeitamento total á violencia machista, coordinado por unha persoa graffiteira.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Da paz non só se fala un día	Traballo intercentros a través de Etwinning para contactar con alumnado procedente de países en conflito		X	
Referentes no mundo	Traballaranse biografías de adolescentes referentes e activistas no mundo actual mediante unha investigación previa sobre a súa actividade e vida, para despois, no caso de ser posible, facer por equipos píulas radiofónicas e/ou audiovisuais para visivilizar o seu exemplo.		X	X

Observacións:

Cada actividade complementaria desenvolverase nun trimestre, aínda que a súa preparación poidese superar este ámbito temporal:

1. Levarase a cabo a realización dun mural-denuncia no muro exterior do centro coa denuncia da violencia machista como eixe central. A elaboración estará coordinada polos docentes do departamento de Debuxo do centro de secundaria da localidade.
2. Con motivo do día da paz, o 30 de xaneiro, participaremos co resto do colexio na carreira solidaria en colaboración con Save the Children.
3. Traballaranse biografías de adolescentes referentes e activistas no mundo actual mediante unha investigación previa sobre a súa actividade e vida, para despois, no caso de ser posible, facer por equipos píulas radiofónicas e/ou audiovisuais para visivilizar o seu exemplo.
4. Participaremos colaborando activamente coa entidade Banco de alimentos, na Gran Recollida de Alimentos, que se levará a cabo nos supermercados de Redondela.
5. Colaboraremos con diversas entidades de protección dos animais da provincia. (Refuxio de animais, La isla de Tali, etc.)

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.es de acordo ao proxecto curricular
As actividades propostas están debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
A secuenciación e a temporalización das unidades didácticas adáptase ás características do grupo de alumnado.
Metodoloxía empregada
Distribúese o tempo axeitadamente ás situacións de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Faise uso da axenda escolar como recurso organizativo do traballo diario.
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse os tempos ás necesidades do alumnado tanto na realización das tarefas como na avaliación.

Clima de traballo na aula
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Foméntase a participación e colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos incluíranse, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación incorporaranse á memoria final.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes aspectos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisarase as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas e ou actividades de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluírase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados